



## **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2015/X999/000045

Ref.:SEC

PROVIDENCIA DE APERTURA DO TRÁMITE DE CONSULTA PREVIA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIMEN INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL A BAROSA

ANTECEDENTES DE FEITO:

No Concello das Pontes de García Rodríguez atópase en vigor o Regulamento de réxime interno da Escola infantil *A Barosa* que se publicou no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 249, do 30/12/2015.

Este regulamento tense previsto modificar dada a falta de coherencia con outra normativa municipal (a ordenanza fiscal número 24) e eliminar, deste xeito, a regulación contida no artigo 25 no que se contén o réxime das taxas da escola infantil; ademais preténdese excluír da regulación do servizo calquera referencia á forma de xestión da gardería (artigo 2.4 e 11), na consideración de que esta decisión corresponde acadala ao xestor en cada momento; e actualizar a oferta de comedor ás prazas que se ofertan na actualidade.

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

De conformidade co artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de modificación do regulamento, substanciárase unha consulta pública a través do Portal de Transparencia integrado na páxina web [www.aspontes.org](http://www.aspontes.org), na que se solicitará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa nova norma.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma:
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

En cumprimento do anterior

RESOLVO:

Someter a consulta pública previa a modificación do Regulamento de réxime interno da Escola infantil *A Barosa* durante un prazo de quince días hábiles, a través do Portal de Transparencia desta entidade local, integrado na páxina web [aspontes.org](http://aspontes.org).

Durante o expresado prazo de consulta pública os cidadáns, organismos e asociacións, que consideren que resultan afectados pola modificación da norma enunciada, poden facer chegar as súas alegacións, achegas ou suxestións -indicando sempre o seu nome e apelidos ou denominación social, mediante correo electrónico dirixido a: [consulta.publica@aspontes.org](mailto:consulta.publica@aspontes.org).

As suxestións, achegas e alegacións presentadas que cumpran os expresados requisitos recibirán o xustificante de recepción a través do dito enderezo de correo electrónico.

As Pontes de García Rodríguez, 14 de marzo de 2017

O concelleiro-delegado da Área de Réxime Interno e Recursos Humanos

José Alén Álvarez